

VIEIROS

Edición xeral

Caderno de poesía por Alexandre

O 7 de novembro preséntase ás 20 horas na Facultade de Historia da USC o caderno de poesía colectivo "Poemas por Alexandre. Palavras contra a repressom". Neste caderno de poesía colaboran desinteresadamente as poetisas e os poetas Antón Dobao, Maria Lado, Igor Lugrís, Afonso Mêndez, Carlos Quiroga, Paco Souto, Chus Pato, Ramiro Vidal, Kiko Neves e Luisa Villalta.

- 09:25 07/11/2002

A edición deste poemario solidario emárcase dentro da campaña que AGIR está a desenvolver para esixir a readmisión do estudante Alexandre Fernandes Ramos, expulsado polo Rectorado da USC das universidades galegas por tres anos.

Na presentación do caderno en Compostela participarán Antón Dobao, Igor Lugrís, Maria Lado e Ramiro Vidal.